

Informe de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, creou unha nova estrutura curricular e afectou, entre outros, a varios aspectos da educación infantil como os principios e obxectivos, a organización ou a avaliación.

O Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil, aprobou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para esta etapa, determinando os aspectos básicos do currículo, establecendo os seus obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos, e encomendando ás administracións educativas establecer os currículos que serán de aplicación no seu ámbito de xestión.



Nese contexto, o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia concretou as intencións do sistema educativo galego para esta etapa, establecendo a súa organización e completando as ensinanzas mínimas, e facultando á persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo ao desenvolvemento do decreto.

2. Necesidade e oportunidade

En Galicia, de cara a que o sistema educativo galego se adapte aos novos requirimentos normativos, publicouse o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, que concretou as intencións do sistema educativo galego para esta etapa, establecendo a súa organización e completando as ensinanzas mínimas

A implantación desta normativa na etapa da educación infantil require de concrecións que faciliten a súa adaptación a este novo marco curricular e que aborden os aspectos concretos que precisen dun desenvolvemento normativo específico de cara a adaptar o sistema educativo galego a esta nova realidade. Precísase dunha normativa que afonde e concrete diferentes aspectos relacionados coa organización desta etapa; co desenvolvemento do currículo; con cuestións relacionadas coa titoría e co profesorado; cos procedementos de avaliación e da participación das familias e do dereito de información destas e, no seu caso, do propio alumnado; e tamén con todo o relacionado con diferentes plans educativos a desenvolver nos centros educativos no que atinxe a esta etapa educativa.

En consecuencia, procede concretar unha nova redacción para aqueles aspectos do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, que precisen desenvolvemento e unificar nun mesmo documento, na medida das posibilidades, a normativa que afonda sobre os aspectos curriculares para a esta etapa educativa. O obxectivo desta orde é, polo tanto, concretar aqueles aspectos do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, que precisen de concreción normativa, así como unificar a normativa curricular publicada na nosa Comunidade Autónoma e actualizar, ou no seu caso derrogar, a normativa que xa non se corresponda.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)



artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 5 de decembro de 2022, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 30 de xaneiro de 2023

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, o texto da proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o período comprendido entre o 10/12/2022 e o 24/12/2022. Nese prazo se recibiu 1 achega/opinión.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 1 de febreiro de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 1 de marzo de 2023 pola directora da Área de Administración dixital na Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 07/02/2023 e o 27/02/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente no Portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de orde, recibíndose 5 suxestións.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se emitiron o 16 de febreiro de 2023 e o 8 de febreiro de 2023, respectivamente

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Recibíronse da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e



Deportes as observacións con data 21 de febreiro de 2023 realizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Inclúese no expediente certificado emitido pola secretaria da Mesa Sectorial Docente non Universitaria asinado o 28 de marzo de 2023, no que se fai constar que o proxecto de decreto foi tratado na sesión da Mesa Sectorial celebrada o día 14 de marzo de 2023.

Constan tamén memorias da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, do 18 de abril de 2023, sobre as suxestións e recomendacións recibidas no trámite de audiencia e información pública, as alegacións realizadas por outras consellerías e sobre os informes e ditames emitidos polos distintos órganos que con carácter preceptivo informaron o proxecto.

A Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe o 8 de maio de 2023.

Advertido erro no texto informado pola Asesoría Xurídica, consistente na supresión non intencionada do parágrafo 4.4 que si figuraba no texto do proxecto que foi exposto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, remítese novamente a Asesoría Xurídica que emite informe favorable complementario con data 29 de maio de 2023.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de orde polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

